









Resalgario

Antonio Reigosa

XERAIS





FICHA TÉCNICA

Título: *Resalgario*
Autor: Antonio Reigosa
Ilustrador: Santiago Gutiérrez
Editorial: Edicións Xerais
Colección: Merlín
Nº páxinas: 102
ISBN: 84-8302-625-2
Premio Raíña Lupa 2000



O AUTOR


2

ANTONIO REIGOSA naceu en Zoñán, Mondoñedo en 1958. Traballa como guía no Museo Provincial de Lugo. É un dos fundadores do grupo de Investigación Etnográfica *Chaira* e ten participado nunha grande cantidade de proxectos relacionados coa literatura oral como o *Diccionario dos seres míticos galegos* (1999) e a adaptación de contos para a colección «Cabalo buligán» que edita Xerais. En 1998 acadou o Premio Merlín de Literatura Infantil por *Memorias dun raposo*.



O ILUSTRADOR


SANTIAGO GUTIÉRREZ GÓMEZ naceu en Vigo en 1971. Dedícase profesionalmente ó debuxo dende 1995 e neste eido abarcou case todas as disciplinas como a publicidade, o humorismo gráfico, o caricaturismo e a ilustración en prensa. Anteriormente realizou as ilustracións de *Tanis I o Mocos* e de textos educativos.



ARGUMENTO

Resalgario é un dos fillos máis novos do Demo Maior quen, facendo unha trasnada das súas, foxe do inferno e métese no carro do seu pai o día de San Bartolomeu, a festividade na que aquel adoita dar un paseo polo mundo. Ó descubri-lo, o pai castíga-o a facer a peregrinación a Compostela a visitar o San Croques para que lle volva o sentido, dándolle un ano de prazo para facer a camiñada. Así comeza un accidentado percorrido que o levará a Traslicia. Disfrazado de humano, Resalgario terá que utilizar todo o seu enxeño para saír con ben das diversas situacións coas que se vai topando no camiño. Un dos seus problemas é a fame e conseguir comida: unhas mazás verdes roubadas fan que teña que espantarlle a morte a Floro Flores e concederlle un tesouro un chisco particular. Noutra ocasión gaña a comida gadañando a herba e burlando os que queren burlarse del. Tamén coñece unha noite a unha parella de vellos que viven nunha casa moi pequena na que enreda un trasno. Na praia dos Golpes, un raposo ensínalle a coller cangrexos co rabo e aínda que intenta enganalo, Resalgario resulta ser máis listo. A súa presenza ocasiona disturbios: a garda civil deteno por ir indocumentado e sospeitar que se trata dun inmigrante ilegal, pero a cambio de comida axofra unha finca de patacas que está chea de escaravellos conseguindo burlalos. En calquera caso, os que intentan aproveitarse del reciben despois unha boa mostra da súa ruindade e astucia. Pero non todas as súas experiencias no camiño son negativas. Cando a Resalgario xa lle falta pouco para chegar ó Obradoiro, recibe, por medio dun morto que el rescatara dunha praza pública —na que estaba por non pagar as débedas e que agora traballa de correo entre a parroquia dos mortos e a dos vivos—, unha carta da súa nai escrita na lingua propia do Inferno. Esta é a súa perdición pois logo de darlle os croques correspondentes a San Croques, facendo antes un trato con el, decide non marchar co seu pai de volta ó Inferno.

3



PERSONAXES

RESALGARIO

É un dos fillos máis novos da grande grea deles que ten seu pai, o Demo Maior e o protagonista principal deste relato en primeira persoa. En figura de demo ten cara de coello, pelullo negro, mans peludas, pés de cabra, uñas de gato, rabo longo e cornos. Pero cando viste de humano, cousa que pode facer a vontade, é igual que calquera persoa, agás na pel que segue a ser negra. O castigo que lle pon seu pai, aínda que con razón, parécelle excesivo e emprende a viaxe con moito medo ó descoñecido. Ó principio séntese moi só e bota moito de menos a súa casa, os seus irmáns e tamén a súa nai pero axiña comprende que non hai remedio e comeza a camiñar. Ó longo do seu percorrido vai atopando personaxes ós que case sempre consegue burlar co seu enxeño e a súa malicia e só se rende ante a presenza dunha moza que o enfeitiza e coa que acabará quedando na Terra.



OUTROS TEMAS E VALORES

- Presencia de mitos da tradición oral de Galicia e de contos populares inseridos na narración e recreados con humor. Utilización de recursos propios desta produción como a ironía, a escatoloxía e a fantasía.
- O contraste entre dous mundos que se rexen por leis propias: a Terra (Traslicia) e o Inferno.

E se o conseguía e era capaz de volver á miña casa san e salvo e, sobre todo, máis espelido, poida que ascendese un chisco na cadea de elos enferruxados que vén sendo promocionar na pirámide xerárquica do Inferno (p. 16).

- A valoración do propio, dos costumes familiares cotiáns como parte da aprendizaxe de Resalgario fronte ó descoñecido.

Botaba moito de menos non poder estar na miña casa, ó quente, con tódolos meus irmáns, atizándolle ó lume, achegándolle toxos e xestas, ramallos, pubela, do que houbera, e, sobre todo, tiña morriña de non poder arremedar o coro de queixas dos condenados mentres anotaba na libreta dos tormentos cantos graos centígrados aguantan ata que empezan a laiar (p. 15).

4

Cada hora que pasaba pedía a suspensión do castigo, e dicíame a min mesmo, e a quen puidese escoitarme, porque o gritaba, que xa aprendera que non hai nada coma a casa dun, e que desobedecer ós pais dá moi malos resultados [...] cloiaba cada día por meu pai, arrepentíame cada momento do que fixera, e antes e mais despois, botaba de menos estar cabo da miña mamá e de tódolos meus irmáns (p. 16).

- A aprendizaxe dos comportamentos dos humanos, revelando ás veces o seu absurdo e criticando de xeito sutil algúns trazos e temas como:

— a prensa

Seria noticia, e das gordas, se un deses reporteiros que andan á caza da desgracia allea soubese dun demo sentenciado polo pai a ir peregrino a Compostela (p. 14).

— a explotación turística do Camiño de Santiago

Alí non temos guías nin mapas, nin un triste folleto que auxilie ó viaxeiro, que daquela non había tradición de ir ata San Croques desde o Inferno. Mirando o asunto desde este lado ata tiña encanto; Resalgario abrindo camiño, feito un pioneiro (p. 14).

Por aquí enriba, por Traslicia, andan discorrendo maneiras para atraer turistas... (p. 23).

— a problemática da inmigración

A fame é negra pero ser negro aínda che vos é ben peor (p. 31).

(...) e non vai e se me aparecen diante dos fociños un par de gardas civís dándome o alto!

—*¡Bos días!*

—*Bos —respondinlles, desconfiado.*

—*¿Pode ensinarnos o seu carné de identidade?*

—*¿O meu que?*

—*O carné, moreno, ¿ou é que non nos entendes?*

—*Non teño papeis; aló onde eu son non fan falta.*

—*A ver, a ver; ¿pasaporte, permiso de traballo ou de residencia? Algo tes que ter.*


—*Que non levo, que son peregrino e en canto chegue a Compostela, voume como viñen, e xa está.*

—*¡Xa che dicía eu que era un ilegal, un indocumentado! ¡E por riba negro! —díxolle o garda do bigote ó outro, o que non tiña bigote (p. 69).*

¡Estamos de inmigrantes ilegais ata os mesmos miolos! ¡Cala e escoita ben atento o que che imos dicir se non queres apodrecer na cadea! Pénsao e pénsao ben; se nos fas algún traballiño nas nosas fincas de recreo, ó mellor despois dicimos que non te vimos nin te coñecemos, pero se non queres traballar, avisa agora, que aforramos tempo (p. 72).

- O retrato irónico da problemática lingüística de Galicia. A feira das palabras que se celebra en Gontán sèrvelle a Resalgario para decatarse do perigo que corren en Traslicia as palabras, condenadas a desaparecer se se usan, xa que desaparecen do corpo cando se din ó falar. Os máis sabidos recorren as tendas chamadas «Sinónimos»; hai quen as revende xa usadas aínda que corre o risco de ser multado polos do Servicio de Inspección do Idioma; hai palabras institucionais que se regalan aínda que ninguén sabe moi ben para qué serven; hai quen as inventa para substituír as máis usadas, quen vende trabalinguas e palíndromos...

Hai un posto institucional que regala saquetiños delas, tal que autoidentificación, autonomía, bilingüismo harmónico, xunta e outras que a xente retira maiormente polo que dirán pero logo adoita dárllelas ós cochos ou tiralas no lixo. Sendo, como son a maioría, labregos e gandeiros, non lles ven proveito, aínda que xa hai algún pragmático que bautizas as vacas con elas. O Bilingüismo Harmónico, por exemplo, é un xato marelo que aínda mama. Bautizárono así porque despois de tirar do teto espurra cruzado, coma un X, e cando mexa, que o fai delgado coma un fio de sedela e moi a modo, debuxa palabras en castelán con moi boa caligrafía (p. 56).



ACTIVIDADES A REALIZAR

A seguir propoñemos algunhas posibles actividades entre as que se poden seleccionar aquelas que se consideren máis axeitadas para traballar a obra, dependendo do número de lectores, dos destinatarios (actividade grupal ou individual) e dos medios cos que se poden contar.

ACTIVIDADES XERAIS:

- O autor dedica o libro ós seus avós e ós seus pais dos que aprendeu as vellas palabras e tamén ós seus fillos, que as inventan para contar novas historias. Isto suxire unha pervivencia e unha continuidade dos contos e lendas tradicionais a través do relato oral. Tendo en conta a importancia desta transmisión pódeseles propoñer ós alumnos que recorran ós seus avós e/ou seus pais para que lles conten algunha historia, conto, lenda ou anécdota que coñezan para posteriormente reunilos na aula.
- Esta obra supón unha boa oportunidade para se achegar á literatura oral e ós seus recursos e técnicas. Unha das actividades que se poden realizar é buscar información sobre mitos e personaxes que aparecen no relato como o Demo Maior, Pero Botello, o xudeu, o holandés e o escribán errantes, as bruxas, a Santa Compañía, os trasnos, a Morte, Pedro Chosco... Pódese utilizar na aula o *Diccionario dos seres míticos galegos* (Xerais, 1999) do que é coautor Antonio Reigosa.

ANTES DA LECTURA:

6

- A portada e a contraportada poden incentivar ou non á lectura, de aí que sexan un elemento a traballar. É importante que o lector preste atención a estes aspectos e que o mediador os aproveite para que gocen da lectura, comecen a saber discernir o importante do irrelevante e se lles estimule cara á lectura da obra. Algunha das actividades que se poden realizar son:
Imaxinar de qué trata o libro a partir do seu título, averiguar qué clase de historia se esconde tras el (policíaca, detectivesca, de amor, de aventuras...).
Analizar a ilustración da portada e preguntarlles qué información lles proporciona a imaxe e, despois de ler o resumo da contraportada, comentar se se aprecia algunha relación entre o título e o argumento así como coa ilustración.
- Narrar un pouco do argumento ou ler algún fragmento para atraer a súa atención.
- A busca por parte dos rapaces da biobibliografía dos autores pode servir de reforzo á lectura que realizarán a posteriori e para outro tipo de actividades como entrevistas. Dividir o lectorado para confeccionar un grupo a biografía e outro a bibliografía. A pesquisa realizarase empregando diferentes vías (na biblioteca, en Internet, en revistas...) para que se relacionen cos diferentes modos de documentarse sobre un tema.

DURANTE A LECTURA:


- Crear debates ó redor de:
Comentar as vivencias do protagonista.
Cómo reaccionarían no caso de ser eles Resalgario.
Qué castigo lle imporían se o seu fillo os desobedecese.

Qué semellanzas e diferencias atopan entre a peregrinación actual e real do Camiño de Santiago e a narrada nesta historia...

- Ler un anaco do texto e imaxinar qué acontece a continuación e qué final lle espera ó personaxe principal. A medida que avanza a lectura poden comprobar se algunha das versións se axusta ó que lle acontece a Resalgario.
- Ó longo do texto farase unha dobre lectura: a do texto e as das imaxes. Compararase a información que nos transmite o texto coa que nos transmiten as imaxes, valorarase se a escena que decidiu plasmar o ilustrador é a que consideramos máis adecuada nese momento no que estamos a traballar... Creación de ilustracións doutras pasaxes non ilustradas e que consideran importantes.

DESPOIS DA LECTURA:

- Retomando as actividades do primeiro bloque cuestionarase se o título é o idóneo e a elaboración de posibles títulos alternativos, se o resumo da contraportada responde ó contido do argumento. Proposta de elaboración de posibles resumos.
- Estudiar cómo introduce os mitos da tradición oral de Galicia na historia e o uso da ironía, a escatoloxía e a fantasía á hora de inserilos na narración e recrealos con humor.
- Preparación dunha exposición de volumes onde os personaxes recorran o Camiño de Santiago ou estean protagonizados por demos...
- Reflexión sobre as ilustracións nas que se reflicte a historia.
Discutir sobre as imaxes, se nelas aparecen recollidas as principais escenas e qué novidades achegan á historia.
Realización de novas ilustracións nas que se recollan aqueles aspectos ou escenas máis destacables da historia; a continuación pódense recompilar e organizar unha exposición con estas novas ilustracións ó lado das orixinais.
- Estimular a que sexan eles os que especifiquen qué temas se tratan no libro, a medida que os vaian indicando debaterase sobre eles. Por exemplo pódese debater sobre a crítica que se fai no libro á prensa que só busca o morbo, sobre o Camiño de Santiago visto como unha empresa e a súa explotación turística, sobre a problemática da inmigración e a xenofobia, sobre o conflito do bilingüismo, sobre a influencia das lendas e a súa presenza na nosa cultura, sobre o sentimento de morriña ó estar lonxe da terra, sobre o nacemento do arrepentimento cando unha persoa se ve en apuros...
- Ó finalizar a lectura é interesante que o lectorado realice unha valoración da obra na que dunha maneira informal e espontánea, ó igual que comentan unha película ó saír dun cine, expresen a súa propia opinión ou comentarios que consideren oportunos. Comentarán os momentos que lles resultaron máis emocionantes, máis aburridos, os que non entenderon, qué imaxes consideran as mellores, qué cambiarían... Elaboración por escrito das súas propias críticas para enviar algunha ás revistas para rapaces ou á do centro para a súa publicación ou para facilitar á biblioteca como material de consulta.



Pedidos a:

**Comercial Grupo Anaya
Polígono de Bergondo
1ª Travesía - Parcela B1
15.165 Bergondo (A Coruña)
Telf.: 981 795 656 / Fax: 981 795 660**

XERAIS

Doutor Marañón, 12. 36211 Vigo
Apartado Postal 1446. 36200 Vigo
Teléfonos (986) 21 48 88 - 21 48 80
Telefax: (986) 20 13 66
Correo electrónico: xerais@xerais.es
<http://www.xerais.es/>

EDICIÓNS XERAIS DE GALICIA

